

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025268	IES As Telleiras	Narón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia de España	2º Bac.	3	87

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	32

## 1. Introducción

A materia de Historia de España introduce ao alumnado na perspectiva do pensamento histórico, indispensable para a observación, interpretación e comprensión da realidade na que vive. Atender aos principais retos e problemas aos que se enfrenta no século XXI resulta esencial para o exercicio da súa madurez intelectual e persoal, ao situalo ante os desafíos sociais do presente. A análise do pasado constitúe unha referencia imprescindible para entender o mundo actual. Ademais, conforma un rico legado que o alumnado debe saber apreciar, conservar e transmitir, como legado das distintas xeracións que nos antecederon. Desta maneira, ao estudar os acontecementos vividos por outros, as dificultades ás que tiveron que facer fronte e as decisións que adoptaron, o alumnado ten a oportunidade de coñecer os factores que condicionan a actuación humana e o papel que cobran na historia determinados elementos como a organización do territorio, a articulación das relacións económicas, as crenzas e o desenvolvemento das ideas. Tamén aprende a valorar e comprender a evolución social ata chegar ao actual estado constitucional no que se fundamenta a nosa convivencia democrática.

Entendemos que a función da ensinanza é facilitar a aprendizaxe ao alumnado, axudándoos a construír, adquirir e desenvolver as competencias clave que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e afrontar os continuos cambios que se impoñen en todas as ordes da nosa vida.

Por competencias enténdese, nun sentido amplo, a concatenación de saberes que artellan unha concepción do ser, do saber, saber facer e saber convivir. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

A inclusión das competencias clave no currículo ten como finalidade que as alumnas e os alumnos a) poidan facer posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia; b) constrúan un proxecto de vida satisfactorio; c) alcancen un desenvolvemento personal emocional e afectivo equilibrado; e d) accedan a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de éxito.

A través do estudo da Historia de España, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade de España ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido. Así mesmo, tal estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade de entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non-discriminación e os valores democráticos. A materia proporcionalle ao alumnado unha visión útil e funcional da historia orientada a promover a observación, análise e interpretación da súa contorna real e a exercer unha cidadanía activa e implicada na vida social.

Por iso é polo que a materia de Historia de España adquire un papel fundamental para o exercicio do espírito crítico, fundamentado e razoado, para previr a desinformación e permitir exercer con liberdade o conxunto de valores cívicos que enmarca a nosa Constitución. Todo iso desde unha concepción activa da cidadanía, na que o alumnado se sinta parte implicada da contorna na que vive, colaborando na súa mellora e contribuíndo, desde as súas posibilidades, a unha sociedade máis xusta, equitativa e cohesionada.

Doutra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga o alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e a historiografía, e ao coñecemento das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e ao tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais.

Preténdese con iso destacar o valor funcional e significativo da aprendizaxe da Historia de España e dos saberes que esta materia ofrece, dotándoos dun sentido práctico e relacionándoos coa contorna real do alumnado.

Relaciónanse os contidos da España contemporánea e actual, que contan con maior presenza, cos de etapas históricas anteriores. Preténdese incidir con iso no carácter funcional das aprendizaxes e na conexión do pasado máis afastado coas épocas máis recentes. En calquera caso, os feitos e acontecementos deben formularse contextualizados no seu momento histórico, caracterizando debidamente cada etapa da historia e situándoa adecuadamente na liña do tempo, evitando así unha visión presentista.

O enfoque competencial do bacharelato e da Historia de España abre novas oportunidades e posibilidades para crear escenarios de aprendizaxe máis activos, nos que dotar de maior protagonismo o alumnado, que permitan o traballo en equipo, os procesos de indagación e investigación, a creatividade e a transferencia do coñecemento adquirido.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar os movementos e accións que promoveron as liberdades na historia de España, utilizando termos e conceptos históricos, a través da análise comparada dos distintos réximes políticos, para recoñecer o legado democrático da Constitución de 1978 como fundamento da nosa convivencia e garantía dos nosos dereitos.	2				12-31	1-2		
OBX2 - Recoñecer e valorar a diversidade identitaria do noso país, por medio do contraste da información e a revisión crítica de fontes, tomando conciencia do papel que xoga na actualidade, para respectar os sentimentos de pertenza, a existencia de identidades múltiples e as normas e símbolos que establece o noso marco común de convivencia.	3				31	1-2-3		1-2
OBX3 - Analizar e valorar a idea de progreso desde a perspectiva do benestar social e da sostibilidade, a través da interpretación dos factores modernizadores da economía española, o uso de métodos cuantitativos e a análise crítica das desigualdades sociais e territoriais, para considerar o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como elementos fundamentais nunha contorna económica e profesional en constante cambio.			1-4	2	12-20	1-4		
OBX4 - Tomar conciencia da diversidade social a través da análise multidisciplinaria dos cambios e continuidades da sociedade española ao longo do tempo, a evolución da poboación, os niveis e modos de vida, as condicións laborais e os movementos e conflitos sociais, para valorar o alcance das medidas adoptadas e os progresos e limitacións para avanzar na igualdade, o benestar, a xustiza e a cohesión social.	2-4		4	1	40	1-3		2
OBX5 - Analizar criticamente o papel das crezas e das ideoloxías na articulación social, no uso do poder e na configuración de identidades e proxectos políticos contrapostos, a través do estudo de fontes primarias e textos historiográficos e a fundamentación de xuízos propios, para debater sobre problemas actuais, transferir coñecemento, valorar a diversidade cultural e mostrar actitudes respectuosas ante ideas lexítimas diferentes ás propias.	3		4		31-40	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Interpretar o valor xeoestratéxico de España e a súa conexión coa historia mundial, sinalando as analogías e singularidades da súa evolución histórica nun contexto global cambiante, por medio da procura e o tratamento de información, para avalar os compromisos do noso país en materias de cooperación e seguridade, promover actitudes solidarias e asumir os valores do europeísmo.			4		11-40	1-2-3		1-2
OBX7 - Incorporar a perspectiva de xénero na análise da España actual e da súa historia, a través da contextualización histórica de fontes literarias e artísticas e a investigación sobre o movemento feminista, para recoñecer a súa presenza na historia e promover actitudes en defensa da igualdade efectiva de mulleres e homes.	4				11-12-31	2-3		1-2
OBX8 - Valorar o patrimonio histórico e cultural como legado e expresión da memoria colectiva, identificando os significados e usos públicos que reciben determinados acontecementos e procesos do pasado, por medio da análise da historiografía e do pensamento histórico para o desenvolvemento da iniciativa, o traballo en equipo, da creatividade e da implicación en cuestións de interese social e cultural.			3		11-31-32	1-3	3	32

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Historiografía e metodoloxía histórica. As raíces históricas: A Idade antiga. A Idade media: Al-Ándalus e os Reinos cristiáns.	Explicar as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a antigüidade ata a desaparición da monarquía visigoda, e identificar as súas causas e consecuencias. Os pobos prerromanos da Península Ibérica. Conquista e romanización. A monarquía visigoda.  Explicar a evolución dos territorios musulmáns na Península, describindo as súas etapas políticas e a realidade socioeconómica.  Explicar a evolución e configuración política	4	3	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	<p>Historiografía e metodoloxía histórica.</p> <p>As raíces históricas: A Idade antiga.</p> <p>A Idade media: Al-Ándalus e os Reinos cristiáns.</p>	<p>dos reinos cristiáns, en relación co proceso de reconquista e o concepto patrimonial da monarquía.</p> <p>Analizar a Reconquista e formas de repoboación.</p> <p>Describir o réxime feudal e a sociedade estamental.</p> <p>Comprender as crises baixomedievais (os Irmandiños).</p>	4	3	X		
2	<p>Os Reis Católicos e o Imperio dos Austria. Crises do XVII.. O S.XVIII. Os Decretos de Nova Planta. O reformismo borbónico e a Ilustración. O papel da muller na Idade Moderna.</p>	<p>Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna (unión dinástica, reorganización político administrativa). Explicar a evolución e a configuración do imperio español no século XVI.</p> <p>Causas e as consecuencias da crise do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos (crise demográfica e económica, as reformas de Olivares e a crise da monarquía).</p> <p>Economía e sociedade na Galicia dos Austrias.</p> <p>Analizar o cambio dinástico e a guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht).</p> <p>Describir as características do novo modelo de Estado, especificando o alcance das reformas.</p> <p>O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial).</p> <p>A Ilustración en España (características da Ilustración e do Despotismo Ilustrado).</p> <p>A muller na Idade Moderna (condición xurídica, diferenzas sociais entyre os estamentos...)</p>	10	6	X		
3	<p>A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo.</p>	<p>Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia. Nacemento do liberalismo. As Cortes de Cádiz e a constitución de 1812.</p> <p>A restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado).</p>	10	10	X		
4	<p>A construción do Estado liberal (1833-1868).</p>	<p>Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal.</p> <p>Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II.</p> <p>Explicar o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II (Constitución 1837 e Constitución de 1845), nacemento dos demócratas</p>	10	10	X		
5	<p>O Sexenio Democrático (1868-1874).</p>	<p>Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas</p>	8	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869. A primeira república (proxecto de constitución federal e cantonalismo).	democráticas. A Constitución democrática de 1869. Monarquía de Amadeo de Saboya. A Primeira República, proxecto de Constitución de 1873, o movemento cantonalista.	8	6		X	
6	Economía e Sociedade (1833-1900).	A reforma agraria liberal: as desamortizacións (Mendizábal 1836, Espartero 1841 e Madoz 1855) Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril. O movemento obreiro durante o Sexenio Democrático e na Restauración.	5	6		X	
7	A Restauración Borbónica (1875-1902). A crise do sistema da Restauración. a Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930)	O retorno da monarquía; constitución de 1876, e vida política). Explicar o sistema político da Restauración. A cuestión nacional no último terzo do século XIX. Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema. Explicar o desastre colonial e a crise do 98. Semana Tráxica de Barcelona. Desarticulación do sistema canovista, crises de 1917 e gobernos de concentración. Golpe militar, características da ditadura de Primo de Rivera (directorios militar e civil)	10	10		X	
8	A II República española (1931-1939). A Guerra Civil española (1936-1939)	Explicar a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración. O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931). Analizar as grandes reformas da República. Diferenciar as etapas da República: bienio de esquerdas, bienio conservador e fronte popular. Sublevación militar de xullo de 1936. Estoupido da Guerra, causas, bandos dimensión internacional da mesma (política de NON- intervención)	10	7		X	
9	O franquismo: A Posguerra. Características e institucionalización. Transformacións e evolucións do réxime no tempo.	O franquismo: características e institucionalización. Analizar as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especificar as transformacións políticas, económicas e sociais. Evolución das formas de oposición ao franquismo.	12	10			X
10	A Transición e consolidación da democracia (desde 1975)	Da agonía do franquismo á Constitución de 1978. Da crise da UCD aos gobernos do PSOE. O Estado das autonomías. O Estatuto de Galicia 1981. Consolidación do bipartidismo. A Situación da muller no século XX (II República, franquismo, gobernos da democracia). Lexislación para a igualdade.	12	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	España e Europa no mundo. Evolución e cambios na España actual.	Entrada na CEE, integración na política internacional Os gobernos do S.XXI. Participación en conflitos bélicos e misións humanitarias de paz Describir e analizar os cambios económicos e sociais. Os desastres ecolóxicos: O caso do "Prestige". Retos da globalización económica e cultural, o estado de benestar.	9	9			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Historiografía e metodoloxía histórica. As raíces históricas: A Idade antiga. A Idade media: Al-Ándalus e os Reinos cristiáns.	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Explica a evolución dos territorios musulmáns na Península Ibérica. Explica a evolución e configuración política dos reinos cristiáns.	PE	90
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Analiza e explica as características dos principais procesos históricos da Península Ibérica desde a antigüidade ata a desaparición da monarquía visigoda, identificando as súas causas e consecuencias.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Atopa información de interese sobre a importancia cultural dun feito histórico. Elabora mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas,	TI	10



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identifica o carácter das fontes históricas. Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- O significado xeoestratéxico da Península Ibérica e a importancia do legado histórico e cultural. O Mediterráneo, o Atlántico e a Europa continental nas raíces da historia de España e de Galicia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Os Reis Católicos e o Imperio dos Austria. Crises do XVII.. O S.XVIII. Os Decretos de Nova Planta. O reformismo borbónico e a Ilustración. O papel da muller na Idade Moderna.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o S. XVI e as súas consecuencias.		
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio. Explica as causas da Guerra de Sucesión e as características do novo modelo de Estado	PE	90

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Define o concepto de unión dinástica en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II.	TI	10
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza as causas e as consecuencias da decadencia no S.XVII.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- O proceso de construción nacional en España. Da centralización política e administrativa á fin do Antigo Réxime: a unión dinástica dos Reis Católicos e a formación do estado moderno; as Xuntas do Reino de Galicia. O papel central da monarquía dos Austrias na Europa moderna, eclosión e decadencia. O cambio dinástico, os Decretos de Nova Planta e a crise do Antigo Réxime.</li> <li>- O significado da monarquía hispánica e da herdanza colonial. Estereotipos e singularidades da historia de España no contexto internacional: as leis de Indias e a "revolución dos presos".</li> <li>- Relixión, igrexa e estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas.	PE	90

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Comenta as características esenciais da Constitución de 1812.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII. Comprende as diferenzas entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	A construción do Estado liberal (1833-1868).	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II.	PE	90

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Explica o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> <li>- Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflictividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	O Sexenio Democrático (1868-1874). A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869. A primeira república (proxecto de constitución federal e cantonalismo).	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Explica o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía. Describe as características esenciais da Constitución de 1869.	PE	90

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Describe e explica os modelos de goberno do liberalismo tras a expulsión de Isabel II		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Identifica as etapas políticas do Sexenio Democrático. Describe as condicións de vida das clases traballadoras e os inicios do movemento obreiro en España.		
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflictividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Describe os cambios na articulación dos movementos sociais e as medidas adoptadas polo Estado.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> <li>- A loita pola igualdade e a xustiza social: conflictividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Economía e Sociedade (1833-1900).	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.	Explica as causas e consecuencias das desamortizacións de Mendizábal e Madoz. Describe a evolución da industria téxtil, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX.	PE	90
CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	Analiza os sectores económicos e especifica a situación herdada, as transformacións de signo liberal e as consecuencias que se derivan delas. Compara o proteccionismo e librecambismo ao longo do S.XIX		
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Analiza a diversidade social e coñece a loita polos cambios a través do movemento obreiro e a súa evolución.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Relaciona os problemas do transporte e o comercio interior cos factores xeográficos. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855.	TI	10
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Explica a evolución demográfica de España ao longo do S.XIX, comparando o crecemento da poboación española no seu conxunto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates

## Contidos

- da sociedade actual.
- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.
- Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.
- A transición ao capitalismo en España. Os debates historiográficos sobre a industrialización do país e da súa dependencia exterior. O modelo de desenvolvemento económico español, ritmos e ciclos de crecemento. Pautas rexionais. O modelo de industrialización en Galicia.
- As grandes desamortizacións liberais: logros e frustracións.
- Cambios sociais e novas formas de sociabilidade: interpretacións sobre a transformación da sociedade estamental e o desenvolvemento do novo concepto de cidadanía.
- Traballo e condicións de vida. A evolución da sociedade española. Poboación, familias e ciclos de vida. Servidume señorial, proletarización industrial, o nacemento das clases medias e o estado do benestar.
- Mundo rural e mundo urbano. Relacións de interdependencia e de reciprocidade entre o campo e a cidade desde unha perspectiva histórica. O foro en Galicia. O éxodo rural.
- A loita pola igualdade e a xustiza social: conflictividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.

UD	Título da UD	Duración
7	A Restauración Borbónica (1875-1902). A crise do sistema da Restauración. a Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930)	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Describe o sistema político da Restauración, distinguindo a teoría e o funcionamento real.	PE	90
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Especifica as características esenciais da Constitución de 1876. Analiza os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especificando a súa evolución.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica o desastre colonial e a crise do 98, identificando as súas causas e consecuencias nos ámbitos económico, político, cultural e ideolóxico.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> <li>- A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	A II República española (1931-1939). A Guerra Civil española (1936-1939)	7

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Identifica as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República. Analiza o proxecto de reforma agraria.		
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Especifica as características esenciais da Constitución de 1931. Analiza as eleccións de 1936 e a Fronte Popular.	PE	90



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Empregar o rigor metodolóxico da historia no estudo das grandes reformas estruturais que acometeu a Segunda República, identificando os seus logros e fracasos, tamén as reaccións que se produciron e que, entre outras consideracións, derivaron no golpe de estado de xullo de 1936, aproximándose á historiografía sobre a Guerra Civil e ao marco conceptual do estudo dos sistemas totalitarios e autoritarios a través da interpretación da evolución do franquismo.	Diferencia as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil, especificando os feitos e as actuacións principais en cada unha.		
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Explica en que consistiu o debate sobre a concesión do voto feminino, con Clara Campoamor, Victoria Kent e Margarita Nelken.		
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	Describe a lexislación república con as leis que favoreceron a igualdade entre sexos e os campos donde se mantivo unha evidente segregación.		
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Explica a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración, enmarcándoa no contexto internacional de crise económica e conflictividade social.	TI	10
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Valora a importancia da Idade de Prata da cultura española, e explica as achegas das xeracións do 98 á do 36.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> <li>- Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflictividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.</li> <li>- A Segunda República e a transformación democrática de España: as grandes reformas estruturais e a súa orixe histórica. Realizacións sociais, políticas e culturais; reaccións contra as reformas.</li> <li>- O golpe de estado de 1936. A Guerra Civil e o franquismo: aproximación á historiografía sobre o conflito e ao marco conceptual dos sistemas totalitarios e autoritarios.</li> <li>- Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.</li> <li>- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	O franquismo: A Posguerra. Características e institucionalización. Transformacións e evolucións do réxime no tempo.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas.	PE	90
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especifica as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron, en relación co contexto internacional. AS etapas políticas, económicas e sociais polos que pasa o franquismo no tempo.		
CA4.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado constitucional, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polo estado ata o presente, a evolución dos niveis de vida e de benestar, así como os límites e retos de futuro.	Describe a evolución do franquismo e a influencia do exterior, chegando á explicación da "agonía" do réxime.		
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas. Explica as diferentes formaas de oposición ao franquismo no tempo. Elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo.	TI	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	Analiza as diferenzas de xénero ao longo do réxime franquista e a evolución das mesmas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea.</li> <li>- Fundamentos ideolóxicos do réxime franquista, relacións internacionais e etapas políticas e económicas. A represión e os movementos de protesta contra a ditadura.</li> <li>- A Transición e a Constitución de 1978: identificación dos retos, logros e dificultades da fin da ditadura e do establecemento da democracia. A normalización democrática e a ameaza do terrorismo. Conciencia democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	A Transición e consolidación da democracia (desde 1975)	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos finais do franquismo, así como as súas causas. demostra que coñece os cambios ocasionados durante a Transición democrática en España.		
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Especifica a Transición política e analiza a Constitución de 1978. Explica a crise da UCD e os gobernos do PSOE. O Estado das autonomías. O Estatuto de Galicia 1981	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar e valorar o papel da Transición no establecemento da democracia actual e da Constitución de 1978 como fundamento e garantía dos dereitos e liberdades dos españois, a través da elaboración de xuízos propios sobre os principais debates que afectan o sistema constitucional, mediante o dominio de procesos de procura e tratamento da información.	valora o papel da Transición no establecemento da democracia actual e da Constitución de 1978 como fundamento e garantía dos dereitos e liberdades		
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Identifica ideoloxías políticas no seu contexto, expresando opinións encontradas e mostrando respecto hacia elas.		
CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	Analiza os modelos e cambios da economía e na sociedade no período de Transición democrático, buscando o progreso e a mellora das condicións sociais.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fundamentos ideolóxicos do réxime franquista, relacións internacionais e etapas políticas e económicas. A represión e os movementos de protesta contra a ditadura.</li> <li>- Memoria democrática: recoñecemento das accións e movementos en favor da liberdade na historia contemporánea de España, conciencia de feitos traumáticos do pasado e do deber de non repetilos. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia e do terrorismo en España. As políticas de memoria en España. Os lugares de memoria.</li> <li>- Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.</li> <li>- A loita pola igualdade e a xustiza social: conflitividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.</li> <li>- A Transición e a Constitución de 1978: identificación dos retos, logros e dificultades da fin da ditadura e do establecemento da democracia. A normalización democrática e a ameaza do terrorismo. Conciencia democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
11	España e Europa no mundo. Evolución e cambios na España actual.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración.	PE	90
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas (ETA, GRAPO, etc.)		
CA4.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado constitucional, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polo estado ata o presente, a evolución dos niveis de vida e de benestar, así como os límites e retos de futuro.	Analiza e describe a evolución do Estado de benestar, e o relaciona con o gasto social público. Compara a situación de España e da UE.		
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Describe os principais cambios na mentalidade e costumes española.	TI	10
CA4.3 - Sinalar os retos globais e os principais compromisos do Estado español na esfera internacional, así como os que derivan da súa integración na Unión Europea, a través de procesos de procura, selección e tratamento da información, así como do recoñecemento dos valores da cooperación, a seguridade nacional e internacional, a sostibilidade, a solidariedade, o europeísmo e o exercicio dunha cidadanía ética dixital.	Explica a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Memoria democrática: recoñecemento das accións e movementos en favor da liberdade na historia contemporánea de España, conciencia de feitos traumáticos do pasado e do deber de non repetilos. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia e do terrorismo en España. As políticas de memoria en España. Os lugares de memoria.</li> <li>- Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.</li> <li>- A loita pola igualdade e a xustiza social: conflictividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.</li> <li>- A Transición e a Constitución de 1978: identificación dos retos, logros e dificultades da fin da ditadura e do establecemento da democracia. A normalización democrática e a ameaza do terrorismo. Conciencia democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá.</li> <li>- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español.</li> <li>- España en Europa: derivacións económicas, sociais e políticas do proceso de integración na Unión Europea, situación actual e expectativas de futuro. Os valores do europeísmo: principios que guían a idea da Unión Europea e actitude participativa ante os programas e proxectos comunitarios.</li> <li>- España e o mundo: a contribución de España á seguridade e cooperación mundial e a súa participación nos organismos internacionais. O compromiso institucional, social e cidadán ante os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. O comportamento ecosocial. Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan a España e ao mundo e condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.</li> <li>- Crecemento económico e sostible: manexo de datos, aplicacións e gráficos para a análise da evolución da economía española desde o desenvolvementismo á actualidade. Desequilibrios sociais, territoriais e ambientais.</li> <li>- A cultura de seguridade nacional e internacional, instrumentos estatais e internacionais para preservar os dereitos, as liberdades e o benestar da cidadanía.</li> <li>- Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.</li> <li>- Cidadanía ética dixital: respecto á propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía ten que ser variada e axeitada ás características e aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, debe ser tamén activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o colaborativo do alumnado, co fin de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia a situacións reais e aos estudos posteriores.

Dado que as competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado, as situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento nesta materia de H<sup>a</sup> de España, incorpora tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Será unha metodoloxía dirixida a implicar ao alumnado na aprendizaxe para que adquiren as habilidades que lles permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que viven, construír a súa propia identidade, que poidan interactuar en situacións variadas e para que continúen aprendendo.

As unidades correspondentes a Historia de España pretenden que o alumnado acade un coñecemento do pasado máis entroncado co seu presente, así como que logre posuír unha visión xeral dos aspectos máis salientables da época actual. En definitiva, na aula combinarase a explicación teórica por parte da docente á hora da presentación da problemática xeral dos procesos e realidades a explicar (COMPOSICIÓN HISTÓRICAS, fotografías, presentacións, vídeos, textos, mapas, gráficas, estatísticas) cunha metodoloxía baseada no sistema de ÷reconstrución?, é dicir, o alumnado elaborará os contidos a partir dos materiais de traballo (libro de texto ou os materiais diversos

proporcionados polo profesorado: apuntamentos, esquemas...) que terá á súa disposición na AULA VIRTUAL nunha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesorado.

Pola súa parte, o docente despregará os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da materia, relacionados coas competencias clave e cos criterios de avaliación, para poder acadar así os obxectivos do currículo. O profesor deberá buscar situacións próximas ao alumnado para que este poida aplicar en diferentes contextos os contidos dos saberes básicos que conforman cada unha das competencias clave. Creará contextos e situacións que representen retos para o alumnado, que os invite a cuestionarse os seus saberes actuais, que os obrigue a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer, a xustificar e a interpretar con rigor. Os materiais adaptanse aos cambios propostos polo grupo de traballo na ABAU.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto físico
Recursos e apuntamentos do docente
Aula virtual do centro
Fichas fotocopiáveis
Recursos Abau e grupo de traballo de Historia de España e información aportada por webs de contidos históricos.

Para a práctica e desenvolvemento na aula contamos cunha grande diversidade de recursos perfectamente utilizables para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto (“Historia de España de 2º Bacharelato”. Autor: Xosé Alfeirán Rodríguez e outros. Baía Edicións, 2023) é un apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso.

Ademais do libro de texto empregárase material complementario, elaborado polo docente ou aportado por

webs de contido histórico, que se acomode aos diferentes ritmos de aprendizaxe que se poden dar na aula. Así mesmo, utilizaremos a Aula virtual a través da cal podemos facer propostas de traballo (visualizar vídeos, comentar textos...).

Acudiremos á información e orientacións presentadas pola CIUG na súa páxina web (Exames ABAU de anos anteriores, información do Grupo de Traballo de Historia de España).

Empregaranse diferentes materiais, cada vez máis relacionados coas TIC, buscando unha maior diversificación, para dar cobertura aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

#### **5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

A Avaliación Inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos do alumnado.

Un instrumento desta Avaliación pode ser unha Proba inicial que pode constar dos seguintes apartados:

- Competencia lectora: actividades relacionadas coa comprensión de textos escritos.
- Conceptos e expresión escrita: cuestións sobre aspectos básicos da Historia de España, que ademais permitirán avaliar a coherencia e a



corrección gramatical e ortográfica.

- Elaboración de sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., comentario guiado dun texto histórico, mapa, imaxe, esquema..., que permitan coñecer se o alumnado domina os procedementos básicos da nosa área.

Nas sesións de Avaliación Inicial programadas no Centro, trataranse os casos dos alumnos/as aos que se lle detecten carencias básicas para tomar as medidas oportunas na Xunta avaliadora. Ademais, na parte que corresponde ao noso Departamento, os resultados de dita proba poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas para cada alumno/a.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que ser valoradas numericamente, xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

## **5.2. Criterios de cualificación e recuperación**

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>4</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>8</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>12</b>	<b>12</b>
<b>Proba escrita</b>	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90
<b>Táboa de indicadores</b>	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10

Unidade didáctica	UD 11	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>9</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	90	<b>90</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	10	<b>10</b>

#### **Criterios de cualificación:**

A avaliación do curso establécese segundo uns instrumentos de avaliación que diferencian probas escritas (PE) e táboa de indicadores (TI), resultando que as probas escritas terán un valor do 90% e o as táboas de indicadores un 10%.

Probas escritas:

- Sempre que o permita a dinámica e temporalización do curso realizaranse en cada Avaliación dúas probas escritas (1º e 2º Parcial) e, de ser o caso, algunha proba máis breve. Ditas probas suporán o 90% da cualificación e poderán constar de:

- Preguntas teóricas: definicións de conceptos históricos, preguntas curtas, desenvolvemento de temas de contido histórico...

- Cuestións de tipo máis práctico: composicións de documentos históricos.

- Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consonancia cuns criterios obxectivos que o docente ten previamente fixados.

- Os contidos mínimos das primeiras avaliacións poden estar presentes nas seguintes avaliacións.

- A falta de asistencia a un exame só se poderá xustificar mediante documentación oficial (informe médico, etc) para ter dereito facer outro exame coa mesma materia. De non existir o xustificante reglamentario, o exame se cualificará con insuficiente cero.

- Copiar nun exame (utilizando calquera medio) supoñerá a retirada inmediata do exame e a súa cualificación con insuficiente cero.

Táboa de indicadores:

- En cada Avaliación valorarase cun 10% da nota a presentación oral e/ou escrita de comentarios de distintos documentos (textos históricos, mapas temáticos, esquemas, imaxes...). Neste tipo de actividades avaliarase a capacidade de síntese e análise, a comprensión e desenvolvemento das actividades, a calidade, exposición e presentación do traballo... Para a corrección destes traballos poden empregarse rúbricas adaptadas a cada tarefa.

- Os alumnos e alumnas de 2º de BAC deben de ter a responsabilidade de cumprir os prazos e as condicións de entrega indicados pola docente, por iso é importante destacar que NON se corruxará nin se terá en conta para a Avaliación ningún traballo, exercicio, comentario ou calquera tipo de tarefa que NON se realice e/ou entregue en prazo.

- A nota da Avaliación será o resultado de:

$$\text{Nota Avaliación} = [ (\text{Media P.E.} \times 90) + (\text{Media T.I.} \times 10) ] / 100.$$

A valoración obtida mediante o seguimento dos instrumentos anteriores permitirá coñecer a cualificación do alumno/a en cada trimestre do curso. A Avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa de 5 puntos ou superior. No caso de resultar unha Avaliación suspensa levarase a cabo un plan de recuperación, tal e como se

explica no apartado "Criterios de recuperación"..

- Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se aplicou ás unidades de cada Avaliación, polo tanto será o resultado de:

$$\text{Nota final} = \frac{(\text{Nota } 1^{\text{a}} \text{ aval.} \times 34) + (\text{Nota } 2^{\text{a}} \text{ aval.} \times 33) + (\text{Nota } 3^{\text{a}} \text{ aval.} \times 33)}{100}$$

Os alumnos e as alumnas que teñan unha nota media de 5 puntos ou superior terán superada a materia. Os alumnos e alumnas que non cheguen a esa nota media terán outra oportunidade para recuperala, tal e como se explica no apartado "Criterios de recuperación".

### **Criterios de recuperación:**

- Ao longo do curso o/a docente facilitará material de apoio e reforzo aos alumnos e alumnas que teñan unha Avaliación suspensa e estará a disposición do alumnado para realizar as aclaracións e correccións pertinentes encamiñadas a solucionar o seu déficit na materia.

- Os alumnos e alumnas que, tras finalizar as probas da 3ª Avaliación, teñan unha nota media inferior a 5 puntos (media das tres avaliacións parciais) por ter algunha/s Avaliación/s suspensa/s terán a oportunidade de facer unha Proba de recuperación de dita/s Avaliación/s, que será sinalada antes da data fixada por Xefatura para a sesión da Avaliación Final Ordinaria de 2º Bacharelato no mes de maio. Esta proba de recuperación puntuaranse sobre dez e figurará nela o valor de cada pregunta.

- Feita a Proba de recuperación anteriormente mencionada:

a) No caso de aprobar a/s Avaliación/s na recuperación, a nota obtida será a que compute para a nota media final da Avaliación Ordinaria.

b) No caso de que a nota da recuperación sexa inferior a 5, utilizarase para a media final a nota máis alta das dúas obtidas.

- Os alumnos e alumnas que, tras o proceso de recuperación teñan unha nota media inferior a 5 (media das tres avaliacións parciais), deberán presentarse a unha Proba Extraordinaria no mes de xuño.

- Dende a Avaliación Final Ordinaria de 2º de Bacharelato ata o remate do curso realizaranse actividades de preparación da ABAU para o alumnado que aprobase o curso e desexe presentarse a dita proba, ademais de actividades de apoio, reforzo e recuperación para o alumnado que deba presentarse á Proba Extraordinaria.

- A proba da Convocatoria Extraordinaria celebrarase segundo o calendario que elabore Xefatura de Estudos. A cualificación será a obtida na Proba obxectiva Extraordinaria, na que se empregará unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

O Departamento levará a cabo as medidas oportunas para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH, tales como adaptación de instrumentos e, e de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. De igual xeito, buscarase a localización máis idóneas na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor e, na medida do posible, ao lado de compañeiros que lle servan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.

Ao longo do curso e, según a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse levar a cabo todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento deste alumnado.

En xeral, procurarase proporcionar ós alumnos e alumnas, que así o precisen, para os contidos de maior dificultade:

- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.

- Actividades con diferentes graos de profundización.

- Páxinas de referencia para resolver dúbidas e/ou ampliar coñecementos.

Todos estes instrumentos pensados para facilitarlle o proceso de aprendizaxe aos alumn@s, sen perder de vista os obxectivos marcados pola Ciug e os criterios requeridos polo exame ABAU.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e competencia dixital				X	X	X	X	X
ET.3 - Emprendemento social e empresarial				X		X		
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores					X			X
ET.6 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero	X	X						

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e competencia dixital	X	X	X
ET.3 - Emprendemento social e empresarial			X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores		X	X
ET.6 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero		X	X

### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios históricos.

A tecnoloxía da información e da comunicación reflexada na comunicación audiovisual e a competencia dixital será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente. O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Historia de España será a educación emocional e en valores como actitude do alumnado na aula de respecto e tolerancia pola diversidade étnica e cultural. Fomento da empatía.

Ademais dos elementos transversais especificamente traballados nos anteriores epígrafes, se o permite o tempo intentarase o traballo de os seguintes elementos transversais:

- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida.
- A prevención da violencia de xénero, e de todo tipo de violencia contra as persoas.
- Elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente.
- Fomento da alimentación equilibrada e da actividade física moderada.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións de interese museos.	Actividades complementarias programadas ao inicio do curso.	X		
Roteiros de interese histórico, xeográfico ou cultural.	Actividades complementarias programadas ao inicio do curso.		X	

### Observacións:

As actividades constitúen un dos eixes fundamentais do proceso de aprendizaxe xa que na súa realización o alumnado adquire un papel activo.

Realizaranse actividades nas que o alumnado deba desprezar a súa capacidade de actuación, de reflexión e de creación.

- Fundamentalmente, os tipos de actividades que se presentan son os seguintes:

- Actividades referidas á comprensión de contidos conceptuais e ao establecemento de relacións entre estes. Realización dun vocabulario histórico, artístico e xeográfico (o alumnado elaborará un glosario de termos que terán que presentar ao profesorado),

- Actividades de síntese de información, realización de esquemas, resumos, toma de apuntes en clase.

- Actividades de análise e interpretación de fontes históricas de diferente natureza: textos, gráficos, obras de arte, mapas históricos, debuxos satíricos, esbozo de batallas, carteis propagandísticos, obras cinematográficas, obxectos, etc.

- Redacción de traballos de temática histórica, pequenos traballos de investigación ofrecendo un guión delimitando os apartados sobre os que queremos obter información.

Todas as actividades complementarias e extraescolares están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensuadas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas.

As actividades fora da aula están definidas a través de tres fases:

- Primeira fase: preparación na aula previa á saída da UD correspondente.

- Segunda fase: a visita programada e organizada, o disfrute da actividade.

- Terceira fase: avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da actividade.

Ainda que ningunha das actividades plantexadas se descartan, cabe destacar que a carga lectiva da materia de Historia de España é excesiva para tres horas semanais feito que impide dispoñer de tempo para realizar moitas das actividades que se considerarían axeitadas para adquirir os coñecementos.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Temporalización das unidades e dos contidos
Exposición da información
Eficacia e variedade das actividades e recursos
Diversidade de recursos
Estratexias de motivación do alumnado
Interacción co alumnado
Avaliación das aprendizaxes: Avalía según os criterios de avaliación da programación
A práctica docente é innovadora
Valoración da materia: 1. Os obxectivos están ben formulados 2. A selección e temporalización dos contidos é axeitada 3. Os criterios de avaliación e cualificación son claros 4. Empregáanse diferentes instrumentos de avaliación

### Descrición:

Os docentes avalían tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, a través dos Estándares de Aprendizaxe incorporados na programación docente.

Os contidos, competencias, obxectivos e criterios de avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítenos definir os resultados de aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Á súa vez, estes valóranse a partir dos indicadores de logro, que nos permiten avaliar en catro niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados.

Este feito permítelle ao docente tamén avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, ao mesmo tempo, com obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os obxectivos e criterios de avaliación permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno ou alumna individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a practica educativa ás necesidades específicas do alumnado para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

- Como ferramenta auxiliar para reflexionar e valorar a actividade docente temos unha rúbrica da práctica docente na que se valoran os seguintes aspectos:

- Temporalización das unidades e dos contidos. Planificación das unidades didácticas ao longo do curso e temporalización dos contidos que se deben abordar en cada unidade.
- Exposición da información. Claridade nas explicacións docentes, cunha recepción e cunha interacción adecuada co alumnado para comprobar a asimilación das informacións transmitidas.
- Eficacia das actividades e recursos. Elección e uso adecuados das actividades e recursos empregados para a consecución dos obxectivos didácticos e dos criterios de Avaliación formulados.
- Diversidade de recursos. Uso de gran diversidade de recursos e materiais, incluíndo as TIC e o uso educativo dos

medios de comunicación, para fomentar unha aprendizaxe ampla e unha boa motivación do alumnado.

- Estratexias de motivación do alumnado. Elaboración de propostas que animen o alumnado a desenvolver as súas capacidades en función dos seus propios intereses e a manter o interese e o esforzo durante a súa aprendizaxe.
- Interacción co alumnado. Relación fluída do docente co alumnado favorecendo con isto o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
- Avaliación das aprendizaxes. Avaliación dos Contidos e dos obxectivos adquiridos.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

- En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Consecución de obxectivos: Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades.
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se consegue unha progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
- Se colaboramos no desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados.
- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre polo menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.

Dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo de alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.

O equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais, que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

Indicadores de logro do proceso de ensino nunha escala de 1-4

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
4. Combínase o traballo individual e en equipo.
5. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
6. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
7. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
8. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
9. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
10. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.

Indicadores de logro da práctica docente nunha escala de 1-4

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
6. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
7. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

## 9. Outros apartados